

PESCANOVA

elcorreogallego.es
oocorreogalego.com

EMIGRACIÓN
INFORMACIÓN ÚTIL
PARA EMIGRANTES

FESTAS EN GALICIA

11-S

Actualizada: 18.54 h

Buscar en el periódico

Portada | Galicia | Santiago | Área de Compostela | España | Deportes | Gente | Opinión |
Cartas | TV | Cultura-Sociedad | Internacional | Tiempo | Llecer | Última Hora |

LECEER

Domingo 22 de Septiembre de 2002

CANALES

- musica-conciertos
- cine-teatro
- libros
- arte
- circo clásico
- liga 2003
- vida social gallega
- emigración
- web del motor
- manual de estilo
- gallego del año
- la polémica
- ARCHIVO
- portadas (pdf)
- especiales
- anuario 2002
- SERVICIOS
- en Santiago
- turismo rural
- web-cams
- 5000 empresas
- agenda comunicación
- 315 concellos
- inmobiliarias
- buscador-ligazóns
- cambio-bolsa
- horóscopo
- e-mails
- especial euro
- SUPLEMENTOS
- lecer
- descubrir
- oceanic internet
- revista das letras
- HEMEROTECA

SEPTIEMBRE

L	M	M	J	V	S	D
3	4	5	6	7	8	1
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

AGOSTO

L	M	M	J	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	



Afonso Becerra de Becerreá, que cre na simultaneidade de realidades, confesa que escribe tratando de desentrañar algunha ciste de misterio

AFONSO BECERRA DE BECERREÁ: dramaturgo, director e actor de teatro

Alfonso Becerra cre que "a xente do teatro ten que face-lo amor co público e deixar de masturbarse cando está en escena"

Abrese o pano. Aparecen en escena dous personaxes: unha entrevistadora e un entrevistado. Están sentados no sofá do salón dunha casa, o fogar de Afonso Becerra, cravado no medio de Becerreá, no corazón dos Ancares lucenses. O entrevistado é moi novo —naceu no 1973— pero ten xa ás súas costas un currículo de impresión: actor formado no Instituto do Teatro e das Artes Escénicas do Principado de Asturias; licenciado en Arte Dramática na especialidade de Dirección Escénica e Dramaturxia pola Escola Superior D'Art Dramàtic do Institut del Teatre de Barcelona, está preparando o doutoramento, tamen na cidade condal. No seu haber ten varias dramaturxias curtas estreadas nas 'Noites Poéticas A PIPA de Becerreá', baseadas en textos de coñecidos poetas galegos e unha peza teatral inédita titulada Rexurdimento. Visionés dun cego, escenificada baixo a dirección do propio autor pola Compañía Teatral NOVE-DOUS do Carballiño (Ourense). *Agnus patris*, Premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais 2001, é a súa primeira obra publicada, pero xa de neno soñou con poder mudar de pel, co fascínio de "vivir outras vidas, probar outros nomes", como di a canción de Joaquín Sabina, ó que entrevistou para a Revista Cultural A PIPA á que el mesmo deu vida desde o seu lugar natal.

Marta de Sinlitan

A conversa é un xogo a dúas bandas, como a Afonso Becerra de Becerreá lle gusta concibi-lo teatro, nunca á marxe de nada nin de ningún. Neste caso non hai actos prefixados de antemán e as palabras saen a cachóns, improvisadas e naturais, pero sen titubeos.

Farsa e realidade

O autor fala con agarimo da súa obra. Defínea como un intento de traxedia frustrada. Afonso sabe que a traxedia morreu hai tempo pero quería facer un esforzo por recuperala porque lle atrae a aparición da dor no sentido máis transcendente. "A risa pode ser terapéutica pero tamen o pranto porque é transgresor e é capaz de limparse por dentro".

Mentres que a peza teatral *Rexurim>dimento* nace froito dun encargo da compañía NOVE-DOUS. *Agnus patris* ve a luz para destapar aquilo que lle intriga ó

"Cando fago teatro o que me importa é non deixar nada no caixón, intento tocar fondo. A esencia do teatro é, dalgunha maneira, a emoción".

O autor de *Agnus patris* vive plenamente para o teatro. "Para min o gran milagre do teatro é conseguir que o espectador saia diferente de como entrou antes de ve-la obra e que poida sentir, vèndoa, emocións diferentes desde a butaca". Entón éruese do sofá. Volve sentar, lanza un boceco ó aire, cruza de brazos e di "¡isto non pode ser!". Sen decatarse, xa está actuando.

Afonso Becerra entende o teatro como revelación pero tamén como compromiso con todo o humano. Cando escribe visualiza na mente as escenas, do mesmo xeito que cando te mira fixamente ós ollos parece ler na túa alma. "A escrita dramática ten que ter sabor, hai que degusta-las palabras e ver como sentan na lingua". Afonso abre o seu libro polo medio e deixa cae-la vista nun dos diálogos. Comeza a degusta-las palabras que el mesmo pariu

Afonso Becerra pensa que as maiores trabas están sempre dentro dun, por iso como director pídelle ós actores confianza no equipo. "Como actor tirome sempre a piscina porque os ensaios son un proceso cheo de sutileza e de relacións interpersoais e non podes ter prexuízos". Di que o actor está espido, que cando actúa se ve todo nel porque emite signos con todo o seu corpo. Este rapaz de Becerreá pide tamén técnica. "Iso dá a profesionalidade e, o meu ver, ós actores galegos fáltales vocalidade, tanto a nivel corporal coma vocal, pero contan con algo moi importante, a forza e a enerxía, que é o primixenio na arte dramática da interpretación".

Afonso Becerra cre no actor diderotiano, "nese que xoga e actúa de verdade pero non sente de verdade porque é capaz de controla-los medios expresivos". De súpeto, fai outra revelación. "A mentra en escena transformase en verdade porque nos emociona. De feito nós vemo morrer de verdade tódolos días na televisión e podemos seguir comendo, mentres que unha morte finxida pero estudiada artisticamente calla fondo en nós. Ese é o gran paradoxo do comediante".

Afonso Becerra de Becerreá estase formando en Barcelona, e aínda que as súas raíces son galegas di que pode botar ramas onde sexa. "Non obstante recoñézome como director e actor galego, polos sentimentos e pola cultura". Afonso cavila a cotío no teatro da súa terra. "Penso que a estas alturas Galicia merece unha escola superior de arte dramática que abasteza de técnica ós profesionais e lle permita ó noso teatro dar un salto cualitativo". Entende que estes centros son un fervedoiro para a creación e para a reciclaxe, un espacio de intercambio entre profesionais.

O xurado do Álvaro Cunqueiro destacou da súa obra "a súa esixente linguaxe". Afonso Becerra, engaiolador de símbolos, afirma que a súa linguaxe está no límite da tensión porque os contidos son moi difusos. "É case como un ritual do dicir. En realidade, concibo a escrita teatral como unha mestizaxe de estilos". Afonso Becerra ama o misterio. Xa llo dixo o seu profesor Joan Casas cando lle prologou o libro. Tamén lle gusta argallar no despieste. "Cando escribo tamén eu vou atopando coas sorpresas".

Confesa que escribe levado por un impulso de busca, non de ensinar nada, senón de aprendelo todo. "Mesmo trato de buscar a deus. Non o deus de ningunha igrexa nin de ningunha institución, pero si esas forzas inapreixables que están nas nosas vidas e que fan, por exemplo, que nos namoremos".

A escena detense un momento. Entra na estancia outro Afonso, con máis anos ás costas e, de súpeto, parece que se desdobra en

dramaturgo. "Case penso que as poderían ter escrito dous autores diferentes", di. "Os personaxes de Rexurdimento son como mascarar, puros bechos de teatro. Xamais poderíamos atopalos pola rúa, mentres que en *Agnus patris* teñen máis traxenda. Son máis humanos."

Sentimentos vivos

Afonso Becerra está de acordo con Aristóteles: o teatro é mimese e os humanos aprendemos por imitación. "Imitámolos nosos pais, cando vemos un programa de debuxos animados ou cando imos á feira e vémolos feirantes".

"Ser actor presupón meterse na pel de calquera, facer de rei, de vagamundo, de prostituta, ... ser coma un lenzo en branco e comezar, a través da suxestión, a pintar voces no espacio".

O autor pensa que todo teatro é susceptible de ser subido a escena. Aínda que poida estrañar a moitos, un dos seus soños é estrearl as obras teatrais de Xohana Torres. Polo momento anda metido de cheo na investigación teatral e como proxecto inminente ten un traballo no teatro Lliure de Barcelona.

Afonso Becerra móvese na arte dos sentimentos vivos. "Creo que non temos

estrea, mentres que *Saxo tenor*, obra de Vidal Bolaño (1991), foi levada por primeira vez a escena por Teatro de Aquí en 1992.

A obra conxunta de Xosé Cid Cabido e Andrés Álvarez Vila *Copenhague*, que obtivo o Cunqueiro en 1992, foi estreada pola compañía Uvega Teatro en 1995, e *Lugar*, de Raúl Dans, premiada en 1994, chegou os escenarios da man do CDG en 1999. Non hai datos da estrea do texto de Manuel Riveiro Loureiro *O prazo*, premio en 1993.

En segunda época del Alvaro Cunqueiro el jurado declaró el premio desierto en 1999 porque la calidad de los 14 textos presentados no alcanzaba el nivel esperado.

A obra premiada en 2000 entre, *Eliana en ardentia ou Bernardo destemplado*, de Roberto Saigueiro, foi estreada en 2001 pola productora Nordesia Producións como *Eliana en ardentia*.

Por último, o Álvaro Cunqueiro foi outorgado en 2001 a Afonso Becerra de Becerreá por *Agnus Patri*, que sairá publicada proximamente na colección de teatro *Os libros do Centro Dramático Galego*, editada polo IGAEM e Edicións Xerais.

SANTIAGO

Redacción



Ante cualquier duda, comentario o problema en las páginas de El Correo - O Correo envíe un e-mail a info@elcorreogallego.es

© 2002 www.elcorreogallego.es ISSN: 1579-1572 Todos los derechos reservados. Prohibida la reproducción total o parcial del contenido sin la expresa autorización del propietario.